



CIRCULAR INFORMATIVA 27-10-2017

Estimados pais/nais/titores/as:
Queremos informarles sobre os seguintes temas:

CELEBRACIÓN DO SAMAÍN 2017:

Temos unha exposición de pinturas realizadas polo alumnado no corredor da pranta alta co tema “Eu téñolle medo a...”.

A entrada á biblioteca está decorada con debuxos co retrato de Lúa, a nosa mascota, como celebración do Día das Bibliotecas.

O martes, 31/10/2017, o alumnado que queira, pode vir disfrazado para a ocasión como celebración do Samaín. Temos previsto realizar un pasadizo no salón de actos “Túnel do medo” para que pase o alumnado.

Pretendemos que poidan divertirse e perdan o medo. De todos os xeitos, se consideran que o seu fillo/a non participe nesta actividade, pregamos o comunique á titora ou tutor correspondente.

Durante toda a semana temos portas abertas coincidindo co horario de entrada e saída para que poidan disfrutar da exposición percorrendo os corredores.

Tamén están colocadas as obras realizadas o día da inauguración da biblioteca escolar e do Proxecto de centro deste ano 2017/18, no que traballaremos a pintura.

Agradecer a colaboración das familias nas actividades desenvolvidas, en especial, no magosto do pasado venres.

Un saúdo

A DIRECCIÓN